

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 30 DE NOVEMBRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:40 horas do día 30 de novembro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 28 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. Secundino Otero Faílde
D. José Francisco Mourelle González (asiste aos puntos 2 e 3)
D. Gilberto Moldes Crespo (asiste ao punto 5)
D. Óscar Couce Senra, como vogal suplente de D. Jerónimo Centrón Castaños (asiste aos puntos 4 e 10)
D. Miguel Fidalgo Iglesias (asiste ao punto 5a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación mixta de subministro e servizos dunha rede sen fíos "WIFI" (8.619-113)

A secretaria le certificado expedido polo Rexistro Xeral que se transcribe a continuación:

"Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 12-11-2018, para a contratación por procedemento aberto da "a adquisición dun sistema de rede sen fíos "WIFI" (hardware) e un sistema de xestión centralizado que mellore a accesibilidade TIC no entorno corporativo e na cidade EXPTE. 8619-113" que rematou o día 27 de novembro do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, presentáronse as seguintes empresas:

1. TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.
2. DIMENSION DATA ESPAÑA, S.L.U.
3. EDNON, S.L.

Asimesmo o día 27/11/18 recibíuse pola paxina web deste Concello da empresa TELEFONICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA S A o seguinte "entrega sobres encriptados por error en sede electrónica en envío final tras firma de documentación" documento 180189531".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:23	Páxina 1 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA441-E5A4AC-3BDFBF-D3U9BE-AWUJYQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A continuación pregunta aos membros da Mesa se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Segundo a cláusula 14 do PCAP *“No suposto de que, por razóns técnicas de comunicación, non imputables ao licitador, non puidese facerse efectiva a entrega da proposición mediante a canle electrónica, o software PLYCA Empresas, xerará un código específico de verificación (HASH) “pegada dixital” que se mostrará en pantalla, antes de realizar o envío. Este código deberá ser remitido por FAX ao nº 986 226 206 e por correo electrónico a contratacion@vigo.org, ou entregado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo sito na Praza do Rei s/n Vigo.*

O sobre electrónico xerado na plataforma coa oferta, asinado, deberá ser entregado en soporte electrónico, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo no prazo das 24 horas posteriores á data límite de presentación das proposicións. En ningún caso deberán presentarse documentos non encriptados. A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador”.

Posto que TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A. presentou correctamente a súa oferta a través da plataforma de licitación electrónica e o sobre electrónico presentado a través do Rexistro electrónico non cumpriu cos requisitos esixidos no PCAP ao non ter presentado previamente a pegada dixital a través de correo e fax, a Mesa entende que esta oferta non é válida polo que non se pode entender que este licitador teña presentado dúas ofertas, senón unha soa.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A *“Documentación persoal”*. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 - 1. DIMENSION DATA ESPAÑA, S.L.U.
 - 2. EDNON
- b) Outorgar un prazo de tres días a TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente, deberá emendar o documento europeo único de contratación (DEUC), posto que non declara a solvencia técnica esixida no PCAP. Co fin de facilitarlle a emenda requirida, infórmase que será suficiente con que cumplimente a *“Parte IV: Criterios de selección”* deste documento indicando que si cumpre todos os criterios de selección requiridos.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación mixta de subministro e servizos dunha rede sen fíos **“WIFI” (8.619-113)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:23	Páxina 2 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA441-E5A4AC-3BDFBF-D3U9BE-AWUJYQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou no punto anterior conceder un prazo a un dos licitadores para a emenda da documentación persoal.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Coutadas en Teis, fase II" (79-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación comunica aos membros da Mesa que por acordo de data 23 de novembro de 2018 se requiriu a CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L. para que indicase se pertence ou non a un grupo de empresas (e, en caso afirmativo, se algunha participa nesta licitación) para os efectos do artigo 86 do RXLCAP. O citado licitador presentou a documentación dentro do prazo concedido.

Acto seguido, pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución prezo contrato
1	CONSTRUCCIONES CASTRO-FIGUEIRO, S.L.	303.282,13
2	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	299.406,97
3	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	310.135,05
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	317.273,50
5	ORECO, S.A.	365.896,53

Asiste á apertura D. M.A.V. en representación da Federación Galega da Construción. A acta de asistencia asinada figuran no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio Canicouva" (78-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación comunica aos membros da Mesa que por acordo de data 23 de novembro de 2018 se requiriu a ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. e CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L. para que indicasen se pertencen ou non a un grupo de empresas (e, en caso afirmativo, se algunha participa nesta licitación) para os efectos do artigo 86 do RXLCAP. Os citados licitadores presentaron a documentación dentro do prazo concedido.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:23	Páxina 3 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA441-E5A4AC-3BDFBF-D3U9BE-AWUJYQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Acto seguido, pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución prezo contrato
1	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	217.481,23
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.	303.282,13*
3	ORECO, S.A.	261.395,70
4	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	231.812,68

* Segundo se indica na documentación presentada por CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L. a súa oferta refírese ao expediente 79-441, en lugar de ao 78-441. De feito o prezo ofertado excede do orzamento base de licitación deste contrato.

Asiste á apertura D. M.A.V. en representación da Federación Galega da Construción. A acta de asistencia asinada figuran no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

1. Excluir a CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L. do procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio Canicouva" (78-441) polo motivo previsto na cláusula 14.2 do PCAP ("Excedese do orzamento base de licitación").
2. Solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

5.- Apertura técnica e económica/Apertura administrativa e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación mixta do subministro de valado de madeira (11.344-446)

A secretaria le o listado de licitadores presentados (ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L., SEÑALIZACIÓN Y EQUIPAMIENTO PARA ENTORNOS NATURALES, S.L., CALFENSA PROYECTOS, S.L. e JARDINCELAS, S.L.) a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula). O resultado da apertura económica é o seguinte:

	Licitador	Redución prezo metro lineal de valado
1	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	23,80
2	SEÑALIZACION Y EQUIPAMIENTO PARA ENTORNOS NATURALES, S.L.	33,275
3	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	27,98



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:23	Páxina 4 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA441-E5A4AC-3BDFBF-D3U9BE-AWUJYQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Redución prezo metro lineal de valado
4	JARDINCELAS, S.L.	27,47

Asiste á apertura D. J.C.V. en representación de CALFENSA PROYECTOS, S.L.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

A Mesa acorda, por unanimidade:

1. Conceder un prazo de tres días a ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente, deberá emendar o documento europeo único de contratación (DEUC), posto que non declara o cumprimento dos criterios de selección. Co fin de facilitarlle a emenda requirida, infórmase que será suficiente con que cumplimente a “Parte IV: Criterios de selección” deste documento indicando que si cumpre todos os criterios de selección requiridos.
2. Solicitar informe ao servizo xestor sobre a documentación económica.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de elementos vexetais (11.270-446)

A secretaria le o listado de licitadores presentados (CALFENSA PROYECTOS, S.L., PLANTAS DE LEVANTE, S.L. e JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA) a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:

	Licitador	Maior baixa prezos unitarios PPT	Redución prazo entrega materiais a subministrar
1	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	2,15%	6 días
2	PLANTAS DE LEVANTE, S.L.	6,1%	9,2 días
3	JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA	19,50%	9 días

Asiste á apertura D. J.C.V. en representación de CALFENSA PROYECTOS, S.L.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

A Mesa acorda, por unanimidade:

1. Conceder un prazo de tres días a JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA para que poida



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:23	Páxina 5 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA441-E5A4AC-3BDFBF-D3U9BE-AWUJYQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. No documento europeo único de contratación o licitador declara que NON cumpre os criterios de selección requiridos.

2. Solicitar informe ao servizo xestor sobre a documentación económica.

10.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía - entre a rúa María Berdiales e a rúa Venezuela (76-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía - entre a rúa María Berdiales e a rúa Venezuela (76-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 15 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 12 de novembro de 2018:

1. UTE ORECO, S.A. - FERROVIAL AGROMAN
2. UTE DRAGADOS S.A. - PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
3. UTE CIVISGLOBAL, S.L. - AVAN INTEGRAL, S.L. - C.D. INDEPO, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía - entre a rúa María Berdiales e a rúa Venezuela (76- 441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. - CONSTRUCCIONES	94,86



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:23	Páxina 6 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA441-E5A4AC-3BDFBF-D3U9BE-AWUJYQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	OBRAS Y VIALES, S.A.	
2	UTE PRACE-COPSESA	94,61
3	ACCIONA CONSTRUCCION, S.A.	94,11
4	PUNTES Y CALZADAS INFRAESTRUCTURAS, S.L.	91,16
5	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.- CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	84,98
6	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	84,65
7	VIAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	75,82
8	EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A.	66,92

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., o 20 de novembro de 2018, que presenta a documentación requirida o día 29 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 30 de novembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:23	Páxina 7 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA441-E5A4AC-3BDFBF-D3U9BE-AWUJYQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada pola UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor asinado o 24 e 25 de outubro de 2018 e do informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 13 de novembro de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía - entre a rúa María Berdiales e a rúa Venezuela (76-441) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 4.455.497,38 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 773.268,14 euros.*
- b) *Comprométese a aportar as seguintes melloras coas características e o importe descritos no Anexo VII do PCAP:*
 - *O mantemento integral das ramplas móbiles por un período de 3 cuatrimestres*
 - *O mantemento integral das zonas verdes por un período de 4 trimestres*
 - *O mantemento integral dos paneis fotovoltaicos por un período de 4 trimestres*
 - *O mantemento integral da fonte ornamental por un período de 4 trimestres*
 - *O mantemento integral dos elementos tecnolóxicos por un período de 4 trimestres*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:23	Páxina 8 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA441-E5A4AC-3BDFBF-D3U9BE-AWUJYQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Pazos, entre López Mora e Menéndez Pellaio” (83-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Pazos, entre López Mora e Menéndez Pellaio” (83-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 15 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Pazos, entre López Mora e Menéndez Pellaio” (83-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	91,78
2	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	90,20
3	NAROM, S.L.	89,59
4	ELSAMEX, S.A.	84,48
5	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	84,27

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:23	Páxina 9 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA441-E5A4AC-3BDFBF-D3U9BE-AWUJYQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., o día 21 de novembro, que presenta a documentación requirida o 30 de novembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 30 de novembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor asinado o 31 de outubro e 5 de novembro de 2018 e do informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula de data 12 de novembro de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:23	Páxina 10 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA441-E5A4AC-3BDFBF-D3U9BE-AWUJYQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Pazos, entre López Mora e Menéndez Pelaio” (83-441) por un prezo total de 104.719,99 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 18.174,54 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:23	Páxina 11 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA441-E5A4AC-3BDFBF-D3U9BE-AWUJYQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		